

Jaime Martín Pérez

Investigador Oportunius adscrito ao CITENI da Universidade da Coruña

Licenciado en Química pola Universidade do País Vasco (UPV/EHU), Jaime Martín Pérez desenvolveu a súa tese doutoral no Instituto de Ciencia e Tecnoloxía do CSIC, baixo a supervisión de C. Mijangos, doutorándose na Universidade Complutense de Madrid. Tras unha primeira etapa no grupo de M. Martín-González no Instituto de Micro e Nanotecnoloxías do CSIC (IMN), en 2014 uniuse ao equipo de N. Stingelin no Imperial College London (Reino Unido), onde conseguiu unha bolsa Marie Skłodowska-Curie Independent Fellow en 2015. Tras obter unha axuda Gipuzkoa Fellow, Jaime incorporouse ao BERC POLYMAT en San Sebastián en 2017. Un ano despois, conseguiu unha das axudas Ramón y Cajal e Ikerbasque Research Fellow na UPV/EHU (San Sebastián).

En 2020, o investigador trasladou o seu contrato Ramón y Cajal á Universidade da Coruña (UDC). Actualmente desenvolve a súa actividade investigadora no laboratorio de Polímeros Funcionais do CITENI (Centro de Investigación en Tecnoloxías Navais e Industriais) do Campus Industrial de Ferrol, que compaxina coas súas tarefas docentes no Grao de Nanociencia e Nanotecnoloxía desta mesma Universidade.

No CITENI, Jaime lidera un grupo de investigación, formado por 4 investigadores predoutorais, 3 investigadores postdoutorais e un xestor de proxectos, cuxo obxectivo principal é comprender o comportamento fisicoquímico dos materiais orgánicos semicondutores para desenvolver dispositivos electrónicos e fotónicos máis eficientes e estables. O investigador e o seu equipo cultivaron notable recoñecemento internacional, principalmente no campo da electrónica orgánica e a ciencia de polímeros, desenvolveron avances científicos de notable impacto, publicados nalgunhas das mellores revistas do campo.

En 2022, Jaime Martín recibiu unha **ERC Consolidator Grant**, cun financiamento de case 2M€, co proxecto PARACRYST. Esta investigación permitirá desvelar a estrutura dos polímeros semicondutores. Acadar este coñecemento posibilitará grandes avances no campo da electrónica orgánica para desenvolver células solares orgánicas máis estables e eficientes.